

	IES MARÍA CASARES. Departamento de Lingua castelá e Literatura			2024-2025
	MATERIA	LITERATURA UNIVERSAL		
	CURSO	Iº BAC	HORAS SEMANAIS	4

BREVE DESCRICIÓN DA MATERIA

Na materia de Literatura Universal abordamos o estudo das manifestacións literarias ao longo dos séculos, das máis antigas ás máis actuais, a través de textos seleccionados. As catro horas semanais de que dispoñemos permiten que este coñecemento poida adquirirse de maneira relaxada. A lectura colectiva das obras clásicas ocupará unha grande parte do noso tempo. Aprenderemos a analizar textos, estudaremos as principais obras e autores desde unha perspectiva xenérica e cronolóxica, e tamén veremos as conexións que existen entre a literatura e outras manifestacións artísticas como o cómic ou o cinema.

Desde as civilizacións máis antigas, os seres humanos válense da literatura para imaxinar, contar historias, transmitir emocións, expresar ideas ou mostrar os costumes da sociedade. Coñecer a historia da literatura é ser depositario da memoria e a cultura dos pobos e permite ter unha visión máis ampla de todas as realidades que configuraron a nosa identidade persoal e colectiva.

CONTIDOS

Os contidos da materia distribúense en dous bloques:

1. Estudo das principais manifestacións literarias desde as primeiras civilizacións á época contemporánea desde unha perspectiva xenérica e a súa relación con outras artes.
2. Análise e interpretación de textos seleccionados das obras e autores máis relevantes de cada xénero literario e de cada período histórico.

METODOLOXÍA

O aspecto metodolóxico máis destacado desta materia é a lectura, tanto a realizada de xeito individual como colectivo. Partiremos dun coñecemento previo do contexto histórico e literario das obras e, coa axuda da profesora, acercárenos ás obras clásicas a través dunha lectura conxunta e guiada que facilite a súa comprensión.

Realizaremos lecturas dramatizadas, exposicións orais acompañadas de recursos dixitais (*booktrailer*) e relacionaremos o cine coa literatura a partir do visionado de adaptacións cinematográficas de obras literarias.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXES
Probas escritas e/ou orais =	60%
Entrega de comentarios, recensións, actividades de creación, intervencións orais.	20%
Exposición oral e <i>booktrailer</i>	20%
TOTAL AVALIACIÓN	100%

NOTA MEDIA AVALIACIÓN ORDINARIA. Media aritmética das tres avaliacións.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA. Proba escrita sobre os contidos traballados no curso e as obras lidas na clase.

VINCULACIÓN CON ESTUDOS POSTERIORES

Os contidos desta materia non só resultan útiles para todos os que estean interesados en cursar unha carreira humanística ou filolóxica, senón tamén para os que, aínda que estean orientados a unha formación máis científica, queiran coñecer a evolución das sociedades humanas e entender o mundo desde unha perspectiva diferente. Non en balde moitos científicos destacados foron tamén grandes humanistas.

O coñecemento da literatura axúdanos a mellorar o dominio do idioma e o espírito crítico. É tamén un xeito de viaxar no tempo e no espazo para abrir, a través das experiencias dos nosos antepasados, a nosa mente.